



X. H. Rivadulla Corcón

Ler outros artigos (<http://www.sermosgaliza.com/opinion/autor/000093/>)

Oda ao poeta de Cangas Bernardino Graña

O día 1 de setembro a AELG xunto co Colectivo ArTeu organizan na Coruña a xornada Homenaxe Nacional ao poeta Bernardino Graña, "Medre o Mar!" na que se inclúe unha travesía polo mar da Coruña. O poeta X. H. Rivadulla Corcón contribúe con este poema á homenaxe.

Oda ao poeta de Cangas Bernardino Graña

Polo escuro do mar que vos contruba

aínda hai poemas *de luz nos seus abrigos*

poeta *de Cangas*, meu amigo,

meu irmán *de salitre e sol e chuva*.

Polo vento que trae o mar de Cangas a Cabo Home
aínda resoa a túa voz en claro poema, Bernardino,
e escoito nas tabernas todas da túa vila aos gatos mariñeiros
recitando os teus versos de salitre, amor e loita.

Aprecio a túa man firme de poeta cando apertas a miña
e sinto nela a túa loita pola vida, pola xustiza e a esperanza,
e quero ser máis que o teu amigo, Bernardino,
quero ser grumete no teu navío navegando á liberdade.

Que cando ti vas aos remos xa non hai medo
ás vagas de mar nin ás galernas,
poeta de Cangas meu amigo, que miras limpo
como o vento que entra polas Cíes.